

ACTA DE ASSEMBLEA XERAL ORDINARIA

Don Abelardo I. Dubert García, con N.I.F. 32635155H, sendo Secretario da entidade deportiva PEÑA CLICLISTA BIKESTRADA, inscrita no Rexistro de Entidades Deportivas e Deportistas de Galicia, da Xunta de Galicia co núm. C-07862,

CERTIFICO:

Que, segundo establece o artigo 17.1 dos Estatutos da Entidade, e con data **15 de Febreiro do 2.019**, ás vinteunha horas, en segunda convocatoria, e na Sala de Exposicións de Abanca, na rúa Calvo Sotelo nº 9 de A Estrada, e coa asistencia dos directivos D. Juan Vilariño Santos, como Presidente, D. José Javier Ramos Calvelo, como Vicepresidente, D. Félix Rodríguez Regueiro, como Tesoureiro, D. Fernando Agra Soto, como Vocal, e D. Cándido Martín Fernández Guerra, como Vocal, e de min, Secretario, e coa asistencia de vinte catro socios, celebrouse a asemblea xeral ordinaria que se convocou polo seu Presidente no tempo e forma legalmente establecido no art. 18.1 dos Estatutos.

Queda reflectida a asistencia dos membros da Directiva, así como dos socios mencionados, na lista de asistencias que se engade á presente acta, formando co listado referido o **ANEXO I.**

Previamente a exposición dos puntos establecidos na orde do día, realizáronse os seguintes **COMUNICADOS:**

➤ **ALTAS E BAIXAS NA DIRECTIVA:**

Comunícase que se da de baixa como directivo a MARCOS COLLAZO GÓMEZ, quedando a directiva formada por:

- PRESIDENTE: JUAN CARLOS VILARIÑO SANTOS
- VICEPRESIDENTE: JOSÉ JAVIER RAMOS CALVELO
- SECRETARIO: ABELARDO ISIDRO DUBERT GARCÍA
- TESOUREIRO: FÉLIX RODRÍGUEZ REGUEIRO
- VOCAIS: FERNANDO AGRA SOTO; MARTÍN FERNÁNDEZ.

Quedan reflectidos os datos dos membros da xunta directiva no documento adxunto denominado **ANEXO II.**

➤ **NÚMERO DE SOCIOS:** Comunícase que a data actual constan 112 socios e 82 licenzas federativas (10 máis que o ano pasado).

➤ **PORTABICIS:** Explícase que o club adquiriu recentemente un portabicis con capacidade para 4 bicicletas, pensado para usar na furgoneta do club ou cando se alquile outra, e que tamén se explica que o pode utilizar calquera socio que o necesite no seu propio vehículo para ir a rutas ou actividades de ciclismo.

Seguidamente procedeuse a exposición e aprobación no seu caso dos puntos establecidos na orde do día, segundo se transcribe a continuación.

Punto 1.- Lectura e aprobación se procede da acta correspondente a anterior asemblea.

Trala lectura, quedou aprobada a anterior Acta, por unanimidade.

Punto 2.- Memoria, liquidación do presuposto, balance do exercicio, rendición de contas e aprobación se procede.

Polo Sr. Tesoureiro, D. Félix Rodríguez Regueiro, faise unha pormenorizada exposición das contas xeradas pola actividade da Peña, desgranándose por éste as distintas partidas de ingresos e gastos que quedan reflectidas no documento adxunto denominado **ANEXO III**, e que dan como resultado a suma de 30.096,73 euros de ingresos, e de 27.064,25 euros de gastos, quedando un superávit de 3.032,48 euros a favor da Peña.

O Tesoureiro fai unha breve exposición en canto o Balance particular das Rutas do Salmón e Transgalaica de 2.018 organizadas polo club, puntualizando que, tendo en conta os Ingresos menos os gastos das probas, na primeira delas se obtivo un saldo favorable de 447,85 € e na segunda delas un saldo desfavorable de 92,18 €.

Fai constar ademais que unha parte dos gastos das probas son asumidos polo Concello, os cales non se teñen en conta no cálculo dos saldos citados.

Unha vez finalizada a exposición o Balance foi aprobado por unanimidade.

Punto 3.- Presuposto para o seguinte exercicio.

Polo Tesoureiro, indícase que para este exercicio do 2019, a Peña ingresará cantidades polos seguintes conceptos: Cuotas de socios, Licenzas, Patrocinios, Subvencións do Concello, Deputación e Xunta de Galicia, Rutas do Salmón e da Transgalaica e por outros conceptos, a suma estimada de 25.950 euros.

No capítulo de gastos da Peña, previstos para este ano en curso, establécense os de: Gastos de Funcionamento da Peña, así como os Gastos das distintas Rutas e actividades que os socios disfrutarán no curso do ano, e que se estiman na suma de 24.600 euros.

Polo tanto estímase un superávit de 1.350 euros a favor da Peña.

Das distintas partidas de gastos e ingresos previstos para este ano, quedan reflectidas documento adxunto denominado **ANEXO IV**.

Queda, tras a súa pormenorizada exposición, aprobado por unanimidade o presuposto para o ano 2019.

Punto 4 .- Proxecto e propostas da Xunta Directiva para o exercicio 2.017.

O presidente procede a expoñer o proxecto e propostas mais destacables que se pretenden no 2.019, resumíndose do seguinte xeito:

➤ **CARNÉ DE SOCIO PERMANENTE**

Comunícase que se manteñen os carnés de socio permanentes que se repartiron en 2.018. Estes funcionan con código QR, os cal se actualiza tódolos anos para os socios que renoven, sen necesidade de que teñan que adquirir un novo carné.

Ós novos socios, así como a aqueles que non o obtiveron en 2.018, entregaráselles en breve a domicilio, por correo postal, o seu carné con código QR.

Exponse que este carné serve para acreditarse como socio e obter descontos nos centros que teñen convenio colaborador co club, e que para 2.019 son os seguintes:

- Helvetia-Inversia Seguros en A Estrada.
- Clínica Vhitas En A Estrada.
- Clínica fisioterapia de Cuntis (Spacio Salud).
-

➤ **CLASES DE PILATES**

Comunícase que sigue habendo 2 grupos formados: un de 5 os luns (18:30) e outro de 8 os mércores (21:30).

Aclárase que existe a posibilidade de aumentar grupos ata 8 persoas ou crear outro novo se os socios o demandan.

➤ **PROBA DE ESFORZO**

Comunícase que as realiza Paulo de la Fuente do Gabinete Deportivo Gadepa, en colaboración coa Clínica Vitas Salud de A Estrada, a cal ten un convenio colaborador co noso club, do cal os socios obteñen un desconto dun 10 %.

Exponse que se estiveron facendo varias probas a finais de 2.018 e volveranse a facer un grupo ou os que sexan necesarios para o próximo mes de marzo.

Plantéxase para o futuro que se sigan facendo na Clínica Vitas Salud de A Estrada, e de non ser posible coordinaranse grupos para facelas no Gabinete Deportivo Gadepa en Pontevedra.

➤ **ESTUDIO BIOMECÁNICO.**

Comunícase que se están facendo tramitacións para para facelos aquí na Estrada coa *Biomecánica San Lázaro*.

Colgarase enquisa en breve para que os socios poidan inscribirse.

➤ **CURSO DE PRIMEIROS AUXILIOS**

Exponse que se tentará repetir para final de ano unha charla similar ó que se celebrou en 2.017, tendo como ponente ó socio Manuel Martinez.

➤ **RUTA TRANSGALAICA (24 de marzo):**

Celebrarase o 24 de marzo con saída as 9:30, sendo a 3ª proba do calendario con cambio total de circuíto con saída dende a Praza da Feira.

- Explícanse cales son os motivos de cambiar o circuíto:
 - o Darlle un impulso económico atraendo máis ós patrocinadores.
Puntualízase que Helvetia- Inversia Seguros, o cal foi patrocinador principal da proba nos dous últimos anos mellorou o contrato económico, e que se está buscando aportación económica no sector hosteleiro.
 - o Mellorar a loxística en canto a vestiarios e duchas, cercanía,...
 - o Presúmese que o ser no pobo se pode incrementar o número de participantes.

• **PATROCINIO PRINCIPAL: Helvetia-Inversia Seguros:**

Aporta **1.700 € Brutos para a Transgalaica e 300 € Brutos para o Salmón**. O club asume os gastos de:

- Agasallo ós participantes (braga).
- Lonas de publicidade no valado do circuíto e “single track”.
- Cinta para marcaxe do circuíto co logo do patrocinador, en ambas probas.

Así mesmo acordouse facer un convenio con Inversia Seguros para que os socios teñan desconto nos seus seguros.

O presidente pideu ós socios que colaboren ese día na organización, xa que farán falta unhas 50 persoas, e así mesmo que o difundan entre o resto dos socios. Explicou que resulta imprescindible a súa colaboración para que a proba se realice de forma segura para os corredores.

➤ **RUTA DO SALMÓN (25 de maio):**

Saída as **16:30 horas** (fin de semana seguinte a festa do Salmón).

Non se fai coincidir coa festa do Salmón porque ese día coincide coa ponte das letras galegas e cos 10.000 do Soplo, e a ela asisten varios socios, os cales necesitan dispoñer da furgoneta e remolque, ademais de que perderíamos efectivos para a organización.

➤ **RUTAS CON DESPRAZAMENTO FORA DE GALICIA:**

Procédese a explicar o que xestiona o club en cada unha das rutas.

• **101 PEREGRINOS (27 de abril):**

- **VIAXE CON 2 NOITES, o cal inclúe:**
 - o Desprazamento nos medios do club.
 - o Xestión da durmida, cea do venres, almorzo e cea do sábado.
- **VIAXE CON 1 NOITE, o cal inclúe:**
 - o Xestión da durmida, cea do venres e almorzo.

*En ambos formatos de viaxe **o club aporta os medios para o transporte das bicis**.

- **10000 DO SOPLAO (18 de maio):**
 - **VIAXE CON 2 NOITES, o cal inclúe:**
 - Desprazamento nos medios do club.
 - O club non xestiona nin o hotel nin as dietas, senón que o fan os integrantes do propio club por petición propia.

- **COVADONGA (8 de Xuño):**
 - **VIAXE CON 2 NOITES, o cal inclúe:**
 - Saída en bus o venres, sobre as 15:30 h e chegada A Estrada e domingo sobre as 19:00 h.
 - Bus (sobre 1.300 €). Verase canto se subvenciona.
 - Xestión da cea do venres, cea do sábado e a comida de camiño domingo.
 - Hotel La Pasera: Prezo habitación dobre: 70 €/noite con IVA e almuerzo incluídos, co cal o fin de semana son 70 €/socio.
 - **VIAXE CUNHA SOA NOITE, o cal inclúe:**
 - Xestión da cea do venres.
 - Hotel La Pasera: Prezo habitación dobre: 80 €/noite con IVA e almuerzo incluídos, resultando 40 €/socio.

*En ambos formato de viaxes **o club aporta os medios para o transporte das bicicletas.**

- **RUTAS INFANTÍS E POPULARES:**
 - Infórmase que se farán unhas 4-6 rutas nos meses de primavera e outono, en función da climatoloxía.

- **RUTAS PARA SOCIOS FORA DO CONCELLO:**

Quedando por establecer as datas concretas, prevese organizar as seguintes actividades:

 - **Rutas BTT:**
 - CAMIÑO DE SANTIAGO 2019 (1 de unha etapa e outra por etapas):
 - 30 de Marzo: Camiño de Santiago-Tui (comida no camiño).
 - 18 a 21 de Abril (Semana Santa): **Camiño da Geira Romana e dos Arrieiros en 4 Etapas.**

A data de hoxe infórmase que hai 10 inscritos (9 para 4 etapas e 1 para 2 etapas).

Comúnicase que se algún socio se ofrece a ir como apoio coa furgo viaxaría a gastos pagos (dietas e cama), e na medida do posible, asumindo o club o custe total ou parcial para evitar que ese sobrecuste faga que o número de inscritos diminúa. A outra opción é que os inscritos se vaian turnando durante a viaxe, saíndo a poucos km/persoa).
 - Prevese facer algunha RUTA CON DESPRAZAMENTO EN FURGONETA (Candán, Serra do cando,...).
 - **Rutas por estrada:**

Nun principio hai programadas dúas rutas:

 - 4 e Maio (sábado): 3 Picos do Barbanza (Iroite, Enxa e A Curota), con desprazamento en furgo ata Ribeira. Comese alí despois da ruta.
 - 21 Setembro (**Ruta polo Serra do Gêres-Xurés**). Tentárase combinar cunha alternativa para os de montaña, dado que na zona existe un centro BTT.

➤ **SAÍDAS DOMINICAIS EN MONTAÑA**

Seguiranse facendo novos tracks, colgando calendarios mensuais en función do calendario das principais rutas ás que se inscriben os socios e traballando para facelas o máis inclusivas posible para a maior parte dos socios.

➤ **SAÍDAS DOMINICAIS POR ESTRADA:**

- Por sexta vez consecutiva seguirase un calendario das saídas (febreiro-novembro).
- Recórdase que nestas saídas se deben respetar as **normas básicas para saídas en grupo** aprobadas na asemblea xeral do ano 2.016, as cales pretenden a mellora da seguridade viaria, rodar en grupo, establecer tramos libres,...).

➤ **FESTA DO SOCIO (22 DE XUÑO)**

Tentarase facer a festa do Socio na Praia Fluvial de Liñares, sempre que se chegue a un número suficiente de comensales, co cal se poida asumir un custe razoable do catering.

➤ **SAL SILVEIRA (31 DE DECEMBRO)**

Barállase a posibilidade de facer unha ruta o último día do ano, a modo de ruta popular para captar socios, con subida ó Monte Cabalar, e cunha degustación de chocolate con churros no propio monte.

➤ **AXUDAS A SOCIOS:**

- **DESPRAZAMENTOS A RUTAS E PROBAS:**

Comunícase que no 2.019 o club asume os gastos de desprazamento unicamente dos medios do club (Furgo + gasoil) para as **rutas e probas organizadas** as que se despracen os socios. Así mesmo comunícase que se fará un bloqueo da furgoneta para as probas competitivas máis importantes e outras cicloturistas de maior participación (Transgalaica, Bikedada, 101 Peregrinos, 10.000 del Soplao, Covadonga).

Comunícase ademais que o club aportará furgoneta alugada de 9 prazos con gancho de remolque naquelas rutas ou probas que a directiva o crea convinte, como por exemplo na coincidencia de dúas probas importantes en 2.019 (101 peregrinos e Transgalaica de Vigo).

- **COLABORACIÓN DOS SOCIOS na organización de eventos:**

Como xa se explicou no que se enviou polo grupo de Telegram, premiarase axuda na limpeza e/ou apoio nos eventos organizados (Transgalaica, Salmón e rutas infantís).

- Comunícase que se segue mantendo a **AXUDA INICIAL DE 25 € NA ROUPA** para os socios que cumpran 2 anos de antigüidade no club.

➤ **USO DOS MEDIOS DO CLUB:**

Procedese a explicar e concienciar ós asistentes da importante de coidar os medios de desprazamento club: furgoneta, remolque e portabicis. Establécense as seguintes normas para o bo uso dos medios:

- A furgoneta e remolque, unha vez usados, deberán devolverse ó garaxe deixándoos aparcados marcha atrás, de maneira que se facilite a saída o seguinte en usala.
- Tanto a furgoneta coma o remolque deberá deberá deixarse limpa e recollida: as cinchas e candados deberán quedar gardados dentro no maletín do remolque; os cartóns, bridas, envoltorios serán retiradas do interior.
- O portabicicletas, unha vez usado, deixarase apoiado sobre o palet de madeira destinado para ese uso, pero nunca no chan.

Punto 5.- Proposicións que formulen os socios.

Non houbo por parte dos presentes propostas a realizar.

Punto 6.- Rogos e preguntas.

Non houbo nin rogos nin preguntas por parte dos socios, mais que unha solicitude por parte dun socio que nas rutas do domingo participen tanto en estrada como en montaña, previamente se anoten como partícipes de tal actividade no Strava da Peña, para saber quen participará na saída.

Non habendo máis temas que tratar, dáse por rematada a presente acta que se recolle na asemblea xeral ordinaria e que se da por rematada ás vintedúas trinta horas do día de hoxe, 15 de febreiro do 2019.

Acompáñanse a presente os seguintes ANEXOS:

- ANEXO I: Listado de asistentes
- ANEXO II: Listado de membros da xunta directiva.
- ANEXO III: Gastos e Ingresos 2018
- ANEXO IV: Presuposto estimado para o período 2.019.

En proba de todo elo asina o seu presidente, D. Juan Vilariño Santos do que eu, Secretario, certifico.-

Asdo.:

O PRESIDENTE

D. Juan Carlos Vilariño Santos



PEÑA CICLISTA BIKESTRADA
CIF: G-36.446.599
C/Virxinia Pereira nº 4, Ático E
26680 A Estrada (PONTEVEDRA)



















Asdo.:

O SECRETARIO








D. Abelardo Isidro Dubert García

ANEXO I: Listado de asistentes

ASISTENTES A ASEMBLEA XERAL DO 15 DE FEBREIRO DE 2.019

NOME E APELLIDOS	FIRMA
Jose Luis Dominguete	
Jose Manuel Mato Camino	
Juan C. Sanguino Puente	
Juan C. Vilariño Santos	
Fernando Aguiar Soto	
Miguel Ángel Andujar Otero	
David Loureiro Silva	
Jesus Coude Couello	
Alberto Ramos Ameyras	
MARCOS OTERO VENTURA	
Antonio Puro Somolaza	
Pablo Brea Berrero	
Jose Carmen Lopez	
MANUEL CASTRO SOTO	
MANUEL MESUDO ARIAS	
Abelardo Dubert Canals	
Carlos Martins Rey	
Davier Ramos	

ASISTENTES A ASEMBLEA XERAL DO 15 DE FEBREIRO DE 2.019

NOME E APELLIDOS	FIRMA
Manuel José Antequera	
Félix Rodríguez Regueiro	
Martín Fernández Guerra	
José Simón Sánchez	
Benjamín Iglesias Pece	Benja
José Vázquez	José Vázquez
Ana Mari Puente	Ana
Manuel Antuña	
José Durán	José Durán
José Pardo Andrae	
Ramiro Aller Porto	Ramiro
José R. Aguiar	

ANEXO II: Membros da Xunta Directiva

➤ **PRESIDENTE:**

D. JUAN CARLOS VILARIÑO SANTOS N.I.F.: 76.869.627-Q

Enderezo: Travesía de Montouto 24, Portal B3, 2ºB, 15886 Teo (A Coruña)

Teléfono: 665 407 068

➤ **SECRETARIO:**

D. ABELARDO ISIDRO DUBERT GARCÍA N.I.F.: 32.635.155-H

Enderezo: C/Virxinia Pereira nº 4, Ático E, 36680 A Estrada (Pontevedra)

Teléfono: 616 749 021

➤ **TESOUREIRO:**

D. FÉLIX RODRÍGUEZ REGUEIRO N.I.F.: 76.858.195-S

Enderezo: Avda. Manuel de la Calle, nº 15, 36680 A Estrada (Pontevedra)

Teléfono: 649 912 349

➤ **VICEPRESIDENTE:**

D. JOSÉ JAVIER RAMOS CALVELO N.I.F.: 76.866.023-T

Enderezo: O Zarabeto nº 11, Guimarei (San Xiao), 36681 A Estrada (Pontevedra)

Teléfono: 637 844 664

➤ **VOCAL:**

D. FERNANDO AGRA SOTO N.I.F.: 44.088.952-E

Enderezo: Rúa do Muiño nº 61,1º, 36680 A Estrada (Pontevedra)

Teléfono: 679 461 677

➤ **VOCAL:**

D. CÁNDIDO MARTÍN FERNÁNDEZ GUERRA N.I.F.: 76.871.750-T

Enderezo: Avda. de Pontevedra, 23 - 2ºC, 36680 A Estrada (Pontevedra)

Teléfono: 628 752 445

ANEXO III: Gastos-Ingresos 2.018

GASTOS 2018			
CAPÍTULO 1.- GASTOS DE FUNCIONAMIENTO			
1.01	Financieros		220.00
1.02	Federación Ciclismo		6,822.00
1.03	Aluguer		900.00
1.04	Roupa		300.00
1.05	Combustibles		641.03
1.06	Material Oficina		644.66
1.07	Gastos vehículos		975.87
1.08	Seguros		1,441.13
1.09	Ferroestrada		227.69
1.10	Samaná		1,224.00
1.11	Varios		3,508.00
		TOTAL CAPÍTULO 1	16,904.38
CAPÍTULO 2.- GASTOS RUTAS			
2.01	Transgalaica		4,147.18
2.02	Salmón		1,220.43
2.03	Stgo/Fisterra		1,428.26
2.04	Lagos (hotel e bus)		3,364.00
		TOTAL CAPÍTULO 2	10,159.87
		TOTAL GASTOS	27,064.25

INGRESOS 2018			
CAPÍTULO 1.- APORTACIONES SOCIOS			
1.01	Cuotas Socios		2,680.00
		TOTAL CAPÍTULO 1	2,680.00
CAPÍTULO 2.- LICENZAS			
2.01	Licenzas		6,677.00
		TOTAL CAPÍTULO 2	6,677.00
CAPÍTULO 3.- ROUPA			
3.01	Roupa		
		TOTAL CAPÍTULO 3	0.00
CAPÍTULO 4.- PATROCINIOS			
4.01	Ciclos Marque		1,200.00
4.02	Eureka		1,200.00
4.03	Robers Café		100.00
4.04	Casa da Pastora		100.00
4.05	G Bike		200.00
4.06	Invictus		100.00
4.07	Artest		100.00
4.08	Centro Roda		100.00
4.09	Terca		100.00
4.10	Mimela		100.00
4.11	Midas		100.00
4.12	Integral Motor 3		200.00
4.13			
		TOTAL CAPÍTULO 4	3,600.00
CAPÍTULO 5.- SUBVENCIONES			
5.01	Concello		2,832.00
5.02	Deputación		1,057.00
		TOTAL CAPÍTULO 5	3,889.00
CAPÍTULO 6.- RUTAS			
6.01	Salmón		1,668.28
6.02	Transgalaica		4,055.00
		TOTAL CAPÍTULO 6	5,723.28
CAPÍTULO 7.- OUTROS INGRESOS			
7.01	Aporta partic (Lagos, Camiño, 101P, Rib Sacra)		6,220.00
7.02	Cea fin Tempada		1,224.00
7.03	Otros		83.45
		TOTAL CAPÍTULO 7	7,527.45
		TOTAL INGRESOS	30,096.73
3,032.48			

ANEXO IV: Presupuesto estimado para o período 2.019

GASTOS 2019			
CAPÍTULO 1.- GASTOS DE FUNCIONAMENTO			
1.01	Financieros		250.00
1.02	Federación Ciclismo		7,000.00
1.03	Aluguer		900.00
1.04	Combustibles		1,000.00
1.05	Material Oficina		250.00
1.06	Gastos vehículos		1,000.00
1.07	Seguros		1,500.00
1.08	Varios		3,500.00
		TOTAL CAPÍTULO 1	15,400.00
CAPÍTULO 2.- GASTOS RUTAS			
2.01	Transgalaica		4,000.00
2.02	Salmón		1,700.00
2.03	Otras		3,500.00
		TOTAL CAPÍTULO 2	9,200.00
		TOTAL GASTOS	24,600.00
INGRESOS 2019			
CAPÍTULO 1.- APORTACIÓNS SOCIOS			
1.01	Cuotas Socios		3,750.00
		TOTAL CAPÍTULO 1	3,750.00
CAPÍTULO 2.- LICENZAS			
2.01	Licenzas		6,500.00
		TOTAL CAPÍTULO 2	6,500.00
CAPÍTULO 3.- PATROCINIOS			
3.01	Patrocinios		3,600.00
		TOTAL CAPÍTULO 3	3,600.00
CAPÍTULO 4.- SUBVENCIONES			
4.01	Concello		3,000.00
4.02	Deputación		800.00
4.03	Xunta		600.00
		TOTAL CAPÍTULO 4	4,400.00
CAPÍTULO 5.- RUTAS			
5.01	Salmón		1,700.00
5.02	Transgalaica		4,000.00
		TOTAL CAPÍTULO 5	5,700.00
CAPÍTULO 6.- OUTROS INGRESOS			
6.01	Otros ingresos		2,000.00
		TOTAL CAPÍTULO 6	2,000.00
		TOTAL INGRESOS	25,950.00
	1,350.00		